



DATOS IDENTIFICATIVOS

Tradución idioma 2, III: Inglés-Galego

| | | | | |
|-----------------------|--|--------|-------|--------------|
| Materia | Tradución idioma 2, III: Inglés-Galego | | | |
| Código | V01G230V01609 | | | |
| Titulación | Grao en Tradución e Interpretación | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 6 | OB | 3 | 2c |
| Lingua de impartición | Galego Inglés | | | |
| Departamento | Tradución e lingüística | | | |
| Coordinador/a | Valado Fernández, Liliana | | | |
| Profesorado | Valado Fernández, Liliana | | | |
| Correo-e | lilianavalado@uvigo.es | | | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | Tradución inglés-galego é unha materia obrigatoria de 6 créditos ECTS situada no segundo cuadrimestre do terceiro curso do Grao en Tradución e Interpretación. A materia, maioritariamente de tradución directa, mantén estreitas relacións didácticas, pedagóxicas, conceptuais e procedimentais coas demais materias do grao, xa que afonda nas ferramentas do proceso tradutor, que lle servirán ó alumnado para encarar, por exemplo, o estudo das traducións especializadas, inversas, etc. | | | |

Competencias

| | |
|--------|--|
| Código | |
| C1 | Dominio de linguas estranxeiras |
| C2 | Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras |
| C4 | Coñecer norma e usos das linguas de traballo |
| C10 | Capacidade de traballo en equipo |
| C17 | Capacidade de tomar decisións |
| C18 | Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica |
| C22 | Destrezas de tradución |
| C29 | Formación universitaria específica |
| C31 | Coñecementos de informática profesional e TAC |
| D2 | Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira |
| D3 | Capacidade de organización e planificación de proxectos |
| D4 | Resolución de problemas |
| D7 | Toma de decisións |
| D9 | Razoamento crítico |
| D14 | Motivación pola calidade |
| D16 | Adaptación a novas situacións |
| D17 | Comprensión doutras culturas e costumes |

Resultados de aprendizaxe

| | | |
|--|---------------------------------------|----------|
| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe | |
| Saber cales son os criterios que definen unha actuación pertinente, relevante e oportuna dentro da cultura de chegada e de partida, como afastarse deses criterios e que consecuencias terá esa decisión | C17 C18 C22 | D2 D4 |

| | | |
|--|--|--|
| Aumentar a cultura xeral e dominar as convencións das culturas coas que traballa e, sobre todo, o papel do tradutor en ámbalas dúas. | C1 C2 C4 C17 C18 C31 | D4 D9 |
| Ser quen de se adaptar a un mercado laboral cambiante que esixe de contino novas especializacións temáticas | C17 | D3 D9 D14 |
| Estar ó día das innovacións tecnolóxicas que afectan o desenvolvemento da súa profesión: novas formas de comunicación, novas fontes documentais, novos soportes da información, novos sectores de mercado, etc. | C18 C22 C31 | D3 D14 D16 D17 |
| Relacionarse profesionalmente cos demais actores implicados no proceso de tradución: iniciador, cliente, informantes e expertos, receptores, etc. Isto é: a) desenvolver habilidades para as relacións interpersoais e o traballo cooperativo; b) aprender a traballar en equipos de carácter transdisciplinar; c) adquirir un compromiso ético ante o labor tradutor; d) aprender a asumir responsabilidades; e) aumentar o grao de confianza do alumno nas súas propias capacidades: autoconceito de tradutor profesional; f) crear un espírito crítico e autocrítico. | C10 C17 C18 C22 C29 C31 | D3 D4 D7 D9 D14 D17 |
| Desenvolver un interese polo traballo responsable e eficaz e pola boa praxe profesional | C1 C2 C4 C10 C17 C18 C22 C29 C31 | D2 D3 D4 D7 D9 D14 D17 |

Contidos

| Tema | |
|--|--|
| A tradución especializada de inglés a galego | Realidades, necesidades e posibilidades de tradución entre o inglés e o galego. Achegamento e recoñecemento da diversidade e amplitude do universo textual no ámbito especializado. Afondamento na identificación e análise contrastiva e tradutiva dos usos e convencións das linguas inglesa e galega. |
| Recursos para a tradución especializada de inglés a galego. | Terminoloxía, aplicacións, programas de apoio, ferramentas informáticas, documentación, recursos humanos. |
| A xestión e planificación do traballo de tradución de inglés a galego: decisións que inflúen na calidade e procedementos habituais do sector | Recreación do proceso de aceptación, xestión e realización dunha tradución no ámbito profesional (relación co cliente, prazos, formato, función, pasos previos ou posteriores, planificación, revisión, traballo en equipo...). Crítica e xustificación das decisións que se toman ao longo do proceso de planificación e xestión dunha tradución. |
| Tradución de textos de temática e dificultade variada de inglés a galego | Encargas e realización individual e colectiva de traballos de tradución reais ou textos susceptibles de seren traducidos no ámbito profesional. Os factores que inflúen no trasvase intercultural, o propósito da tradución, as implicacións culturais, as limitacións de formato, o paratexto. A adaptación, a tradución á vista. Crítica e xustificación das decisións que se toman ao longo do proceso de realización dunha tradución, desenvolvemento da pericia. |
| Revisión e corrección de textos: procedementos | Os símbolos de corrección, o alcance da revisión, tipos de revisión, o formato da revisión, a corrección lingüística e a revisión tradutora. |

Planificación

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|--|---------------|--------------------|--------------|
| Actividades introdutorias | 5 | 5 | 10 |
| Debate | 4 | 6 | 10 |
| Metodoloxías integradas | 12 | 36 | 48 |
| Resolución de problemas e /ou exercicios de forma autónoma | 11 | 22 | 33 |
| Eventos docentes y/o divulgativos | 2 | 5 | 7 |
| Estudo de casos/análises de situacións | 10 | 20 | 30 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

| | Descrición |
|--|---|
| Actividades introdutorias | Presentación da docente e do alumnado. Posta en común dos coñecementos previos e intereses particulares sobre a materia por parte do alumnado. Repaso das fontes de documentación útiles para a tradución entre inglés e galego. |
| Debate | Participación activa na posta en común razoada e crítica sobre as dúbidas, inxedanzas e lagoas xurdidas no transcurso das distintas tarefas realizadas ou encargadas na clase. |
| Metodoloxías integradas | Aplicación das destrezas e coñecementos desenvolvidos mediante as demais metodoloxías na realización de distintas tarefas propias da tradución profesional de inglés a galego. |
| Resolución de problemas e /ou exercicios de forma autónoma | Detección, investigación, resolución e xustificación dos numerosos casos e tipos de problemas de tradución que poden xurdir na tradución dos distintos exemplos e tipoloxías de textos propostos na clase. |
| Eventos docentes y/o divulgativos | Asistencia a charlas, mesas redondas e actividades culturais relacionadas coa materia. |
| Estudo de casos/análises de situacións | Simulación de situacións reais de tradución e toma de decisións por parte de alumnado sobre os numerosos factores que inflúen na realización dun traballo de tradución de calidade (relación co cliente, prazos, formato, función, pasos previos ou posteriores, planificación, revisión, traballo en equipo...). |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|---|---|
| Estudo de casos/análises de situacións | Revisión e corrección durante as sesións de aula. |
| Probas | Descrición |
| Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas. | Revisión e corrección durante as sesións de aula. |

Avaliación

| | Descrición | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe |
|---|---|---------------|---|
| Metodoloxías integradas | Realización dunha tradución colectiva non presencial. | 10 | C1 C2 C4 C10 C18 C22 D3 |
| Resolución de problemas e /ou exercicios de forma autónoma | Aplicación das destrezas e coñecementos desenvolvidos mediante as demais metodoloxías na realización de encomendas propias da tradución profesional (dúas encargas de tradución non presenciais individuais). | 45 | C17 C29 C31 D2 D4 |
| Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas. | Realización de proba presencial de revisión, corrección e tradución. | 45 | D7 D9 D14 D16 D17 |

Outros comentarios sobre a Avaliación

Nesta materia, existen dous sistemas de avaliación: **continua e única (o alumnado que se acolla á avaliación única deberá indicalo por correo electrónico á docente durante as dúas primeiras semanas de sesións)**. Estes son incompatibles e hai que optar por un ou outro nas primeiras sesións. Para acollerse á avaliación continua é preciso participar en todas as actividades da materia e realizar as probas e encargas correspondentes. As metodoloxías descritas na sección "Avaliación" desta guía docente fan referencia á avaliación continua.

A avaliación continua engloba a avaliación formativa na clase (proba diagnóstica, debate sobre solucións, erros e estratexias de tradución, corrección de textos) e a avaliación sumativa [isto é, a puntuación para a obtención da cualificación final] das seguintes probas ou encomendas:

- 1) Realización non presencial individual dunha tradución, **entrega durante a semana de 20 a 26 de febreiro (15%)**.
- 2) Encomenda non presencial colectiva dunha tradución, **entrega durante a semana de 19 a 23 de marzo (10%)**.
- 3) Proba non presencial de tradución, **entrega a semana do 23 a 27 de abril (30%)**.
- 4) Proba presencial de revisión, corrección e tradución. **Non se poderá empregar ordenador nesta proba. Esta proba realízase durante a penúltima sesión de aula (45%)**.

A avaliación única consistirá nun exame presencial que inclúe unha proba de tradución de textos tematicamente vinculados aos revisados durante as sesións (dispoñibles en Faitic) e outra proba teórica sobre os coñecementos relacionados coa tradución profesional de inglés a galego, dispoñibles en Faitic. **A data deste exame é a que figura no calendario oficial de exames.**

Outros comentarios

A avaliación terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística.

A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un cero nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá ao alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma Faitic e de estar ao tanto das datas nas que as probas de avaliación teñen lugar.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Mossop, B., **Revising and Editing for Translators**, Routledge, 2014

ISO, **ISO 17100:2015. Translation services -- Requirements for translation services**, ISO,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Tradución científica-técnica idioma 1: Inglés-Galego/V01G230V01918

Tradución económica idioma 1: Inglés-Galego/V01G230V01801

Tradución editorial idioma 1: Inglés-Galego/V01G230V01926
